

JUAN MARQUINA FUENTES, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, adoptou, na sesión ordinaria do **6 de abril de 2018**, o seguinte acordo:

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA XXXVII EDICIÓN DO PREMIO BLANCO-AMOR DE NOVELA LONGA

Ante a necesidade de proceder á convocatoria da **XXXVII edición do Premio Blanco-Amor de novela longa**, unha vez vista a proposta de bases elaboradas conxuntamente polos servizos provinciais e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar as referidas bases e convocar o XXXVII Premio Blanco-Amor de novela longa, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Poderán participar nel todos os autores e as autoras que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Segunda.- As novelas terán unha extensión mínima de 150 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a unha soa cara e a dous espazos, ou de 75 folios mecanografados ou escritos en ordenador (fonte Times New Roman, tamaño de fonte 12) a dúas caras e a dous espazos.

Terceira.- As obras presentadas terán que ser inéditas.

Cuarta.- De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite, dirixido á Deputación de Ourense, rúa Progreso n.º 32, 32003 Ourense, facendo constar no exterior “Para o XXXVII Premio Blanco-Amor”. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e o enderezo do autor ou autora e, de ser posible, o seu teléfono e enderezo electrónico.

Quinta.- O prazo de admisión dos orixinais rematará o venres 14 de setembro de 2018, cento vinte e un aniversario do nacemento, en Ourense, de Eduardo Blanco-Amor.

Sexta.- O xurado do premio será nomeado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, e estará composto por cinco membros de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega. Facúltase ao xurado para a interpretación e integración das posibles dúbidas nestas bases en todo o relativo á concesión do premio.

Sétima.- O premio estará dotado con 15.000 € e unha obra escultórica.

Oitava.- O premio poderase declarar deserto, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

Novena.- O xurado reunirse con tempo suficiente antes da entrega do premio e fará pública a súa decisión, perante os medios de comunicación.

Décima.- A concesión do premio implicará a cesión ao autor dos dereitos da primeira edición en lingua galega da obra. A dita edición deberá realizarse nun prazo máximo dun ano dende a data da entrega do premio, quedando sen efecto a cesión no caso de que no dito prazo non se leve a cabo.

O gañador deste premio comprométese a participar en cantas presentacións do libro lle requira a Deputación de Ourense ou a Fundación Eduardo Blanco-Amor, ata un máximo de dez.

As obras non premiadas devolveránselles aos/ás autores/as que o soliciten nun prazo dun mes contado dende o día do veredicto. En caso de non recollese dentro deste prazo os orixinais serán destruídos.

Décimo primeira.- A entrega do premio terá lugar nun acto literario organizado pola Deputación de Ourense e a Fundación Eduardo Blanco-Amor, o sábado 1 de decembro de 2018, trinta e nove cabodano do autor de *A Esmorga*.

Décimo segunda.- O feito de concorreren a este premio presupón que os/as autores/as aceptan estas bases.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

E para que conste, e nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido esta certificación en Ourense, o seis de abril de dous mil dezaioito.

V. e pr.
O PRESIDENTE,